

E PARA OS/AS
AMANTES DO CINE
DE
AVENTURAS...



Serie: O señor dos aneis



Master and Commander



Oliver Twist

Serie: Harry Potter



Atlantis

TODAS ELAS DISPOÑIBLES NA
BIBLIOTECA.
¡¡PÁSATE POR ALÍ!!


IES POETA AÑÓN
Biblioteca

SI QUERES SABER SE TEMOS UN
LIBRO OU PELÍCULA CONSULTA O
NOSO CATÁLOGO WEB EN: [http://
www.opacmeiga.rbgalicia.org](http://www.opacmeiga.rbgalicia.org)

OUTES 

BIBLIOTECA IES POETA AÑÓN

GUÍA DE LECTURA
COFRE DE MAHOMA

LIBROS DE MISTERIO E AVENTURAS
3º TRIMESTRE
CURSO 06-07



NORMAS DE USO DO COFRE

- O cofre iniciará unha nova viaxe polas aulas o LUNS 21 de MAIO
- Permanecerá un día enteiro en cada aula de 1º e 2º ESO empezando por 1º A
- Poderás mirar os libros, ollalos e mesmo levar algún a casa. Para elo deberás:
- Coller a ficha amarela do seu interior e anotar o teu nº de lector/a e o teu nome. Na ficha branca pegada no libro anota a data en que deberás devolvelo (15 días a partires da data en que o colles)
- Introducir a ficha amarela no sobre (co nome da túa aula) que atoparás no interior do cofre
- Devolver o material na biblioteca. Tes un prazo de 15 días (renovable)

**NO INTERIOR DESTE FOLLETO TES
ALGÚNS DOS LIBROS QUE PODERÁS ATOPAR NO COFRE.
SEGUE A LER!**

LIBROS DE MISTERIO ...

[El caso del robo de los diamantes](#) de Joachim Friedrich Ed. EDEBÉ (2006)

Precioso está entusiasmado coa idea de rodar un anuncio publicitario no que será un dos protagonistas. As cousas non lle poden ir mellor. No casting atopa a Madeleine, un antigo amor. Ademais o spot é das súas galletas favoritas. Todo parece ir ben ata que misteriosamente desaparece o seu compañeiro de reparto.



[O futuro roubado](#) de Ramón Caride Ed. Xerais (2000)



Said e Sheila viven unha arriscada e trascendente aventura na que a súa amiga Irina chega avísatalos ó muíño de Loreda. Alí atópase coa súa repentina desaparición. Que lles aconteceu?

[Los crímenes de Oxford](#) de Guillermo Martínez Ed. Destino (2006)

Poucos días despois de chegar a Oxford, un mozo estudante arxentino atopa o cadáver dunha anciá asfixiada cunha almofada. O asasinato resulta ser un desafío intelectual dirixido a un dos lóxicos máis eminentes do século, Arthur Seldom, e o primeiro dunha serie de crimes.



[La maldición del brujo-leopardo](#) de Heinz Delam Ed. Bruño (1995)



Un mozo belga que vive cos seus pais nunha cidade do Zaire, decide unha noite visitar un antigo cemiterio. Alí quedará fascinado cando se lle aparece a figura dunha nena. A partires dese momento non descansará ata descubrir quen foi aquela nena e aclarar as circunstancias da súa morte.


...E DE AVENTURAS

[El misterio del cuarto amarillo](#) de Gaston Leroux Ed. Anaya (2000)

Nunha habitación pechada a cal e canto cométese un crime: os que están fóra escoitan berros, tiros, mobles tirados..., pero cando derriban a porta no cuarto está a vítima, pero non o asasino...



[Unha aventura na escola](#) de Ana M. Magalhães-Isabel Alçada Ed. Bruño (1993)




Relato de misterio protagonizado por unha panda de rapaces e rapazas que, intrigados polos últimos acontecementos ocorridos na súa escola, acordan facer enxeñosas pescudas pola súa conta.

[Cartas de inverno](#) de Agustín Fernández Paz Ed. Xerais (1995)

Tras unha longa estada en Quebec, o escritor Xabier Louzao volve a Galicia e atópase coas cartas que o seu amigo Adrián lle escribira durante a súa ausencia. Unhas cartas que descubren os estraños sucesos que está a vivir Adrián na súa nova casa e que levan a Xabier a acudir na súa axuda. Na vella casa colonial os dous amigos terán que enfrontarse a misterios que tal vez as persoas nin tan sequera somos quen de imaxinar...



[Carta al Rey](#) de Tonke Dragt Ed. Siruela (2005)



Estamos en plena Idade Media. Tiuri, un mozo de 16 anos, fixo méritos para ser nomeado cabaleiro do rei Dagonaut. A noite anterior ó seu nomeamento, mentres vela as armas nunha capela, escoita chamadas que veñen do exterior. Incumprindo as normas que a Cabalería establece para esa noite (non falar, non moverse do lugar ou non facer caso dos rúidos estraños), o mozo decide saír fóra: alguén pide axuda para que se entregue ó Cabaleiro Negro do Escudo Branco unha carta de suma importancia que ha de chegar urxente ó rei Unawen. Cando Tiuri localiza ó Cabaleiro atópao, e entón acepta ser el mesmo quen entregue a misteriosa carta ao rei, aínda que se trate dunha misión demasiado arriscada. Só tras vivir múltiples e perigosas aventuras descobre Tiuri o contido desa carta. Ademais, ¿poderá despois de tanto esforzo ser finalmente nomeado cabaleiro?